



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 9 DE SETEMBRO DE 2013.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día nove de setembro de dous mil trece; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don José Prieto Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Javier Iglesias Sendin.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.

Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dous de setembro de dous mil trece (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-**

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

**INFORMACIÓN URBANÍSTICA.-**

Solicitude de información urbanística interesada por **DONA MARÍA LUISA PÉREZ IGLEISAS**, con domicilio a efectos de notificación na Rúa Lago Constanza nº 53, 4º B, en Madrid, con número de expediente **RIB/N/89/13**. A proposta da Concelleira de Urbanismo Dona Noelia Rodríguez Travieso, e visto o correspondente informe técnico de data 04.09.2013.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes aprobou a información urbanística que se contén naquel, na Rúa San Lázaro nº 21, (Ref. Catastral 06183/05) a solicitude de **Dona María Luisa Pérez Iglesias**, de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**



A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Comunicación da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Secretaría Xeral da Igualdade, con data RE 2 de setembro de 2013 N° RE 4503, relativo a proposición da realización dunha serie de actuacións, que non comporan custo económico algún para o Concello.
2. Comunicación do Xulgado Contencioso Administrativo nº 2, Ourense, con data RE 3 de setembro de 2013 N° RE 4511, relativa a “ejecución de títulos judiciales 28/2013A, ejecución definitiva 60/2011”.
3. Comunicación do Valedor do Pobo con data RE 5 de setembro de 2013 N° RE 4550, relativa a Rúa Ribeiro- O Carballiño da OU-504.
4. Comunicación da Xunta de Galicia, Presidencia con data RE 6 de setembro de 2013 N° RE 4593, relativa a resolución definitiva de subvención, para a contratación de dúas persoas para a oficina de información turística.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **DACIÓN DE CONTAS DE INFORME TÉCNICO.-**

Dase conta polo secretario do informe técnico de data 27 de agosto de 2013, nº de expediente RIB/N/85/13.

### **SOLICITUDE DE SUBVENCIONS.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ao abeiro da Orde do 6 de Agosto de 2013, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencions de programas desenvolvidos polas Corporacións locais para a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas de risco de exclusión para o exercicio 2013 cofinanciada polo Fondo Social Europeo 2007/2013, acorda acollerse a devandita Orde e solicitar a correspondente subvención a Consellería de Traballo e Benestar”.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ao abeiro da Orde pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencions para a execución de infraestructuras de uso público do ano 2013, destinadas aos concellos de Galicia para o proxecto denominado Mellora e Rehabilitación do parque dos Xardinciños, cun orzamento total de 49.992,67, acorda acollerse a devandita Orde e solicitar a correspondente subvención a Consellería de Presidencia, Admonistracións Públicas e Xustiza, aceptando expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde”.

## **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**



**Concello de Ribadavia**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.



